




Día das Letras Galegas

2009

Ramón Piñeiro

Sobre mordazas e libres pensares

HENRIQUE DACOSTA

■ Foi concepto difuso, o de Litteratura, até o séc. XVIII, entendido como o de calquera obra escrita sen consideración do tema que tratase. Así pois, a contemplación da finalidade estética, alén da obriga de ser froito da imaxinación dunha persoa, serían requisitos que se procurasen a partir de aquí. Logo o perfil de Ramón Piñeiro, e á vista do que vimos de enunciar, se cadra se aproxime máis aos parámetros máis arcaicos que aos propiamente emanados a partir dos tempos da Ilustración.

Lírica, dramática e narrativa conforman os tres grandes xéneros que, o que xa é tradición, a literatura abarca. O ensaio, xénero que Ramón Piñeiro cultivou, mal se acomoda ao que canonicamente se vén considerando como tal.

Á parte de tímidas incursións no campo da tradución, xunto con Fernández de la Vega, sobre obras de Heidegger e Pokorny, o seu labor creador centrouse en exclusiva na temática filosófica e, principalmente, na filosofía da saudade. Nun sentido xenérico, podémolo adscribir á Xeración de Galaxia. Foi ideólogo, filósofo, pensador e, mesmo, impulsor da cultura galega.

E, como home do seu tempo, atribulado canto aos postulados a seguir, dado a longa noite de pedra se abater con saña sobre cor-

Sen renunciar ideoloxicamente ao que representaba, foi o creador do chamado galeguismo difuso

pos e conciencias.

En suma, e sen renunciar ideoloxicamente ao que en esencia representaba, foi creador do chamado galeguismo difuso, sorte de impregnación galeguista na cerna dos distintos partidos políticos.

Exercía o seu maxisterio desde a famosa mesa camilla da súa casa da zona vella de Santiago, "creando nunha praxe de apostolado socrático, a súa peculiar forma de influir na educación da xuventude, denominada piñeirismo" [M. Ayán, da Aula de Filosofía Castela].

Ten pasado aos nosos anos literarios por verse implicado nun proceso dialéctico que o chegou a converter en personaxe de ficción. Ulm Roan, trasunto do propio Piñeiro, un ideólogo do nacionalismo clásico non revolucionario, chega a ser matado na novela Retorno a Tagén Ata de Méndez Ferrín.

Esta circunstancia, que continúa tendo eco dentro dos cenáculos literarios e sociopolíticos galegos, foi ambiguamente desmentido polo propio Ferrín. Así mesmo, Piñeiro, que foi o director da revista Grial, tampouco tivo reparos en reseñar a noveliña na revista que el dirixía.

Porén, a saudade foi o miolo fundamental do seu quefacer. A recopilación de cinco ensaios sobre o tema, Filosofía da saudade, poida que sexa o máis sobranceiro dos seus contributos.

O mesmísimo Carvalho Cale-



Ramón Piñeiro, no club Alén Nos, nunha das súas últimas intervencións en público.

EL IDEAL GALLEGO

O seu labor centrouse na temática filosófica e, principalmente, na filosofía da saudade

ro, nos seus Estudos rosalianos, bota man del: "Imos entender por saudade o sentimento da soidade ontolóxica do home, como quer don Ramón Piñeiro, que ten meditado seriamente este problema. Piñeiro entende así a saudade pura, a saudade auténtica, pois el fala doutras saudades [...] o concepto formulado por Piñeiro da saudade en sí, sin referencia a un ouxeto exterior ao suxeito, é unha ferramenta gnoseolóxica de positivo valor práctico [...]"

Por iso que, e facéndonos eco das palabras vertidas por don Ricardo, quizais a expresión máis pura da saudade, que non a saudade de, se ache nestes versos de Follas novas:

Algúns din: ¡miña terra!/ Din outros: ¡meu cariño!/ I éste: ¡miñas lembranzas!/ I aquél: ¡os meus amigos!/ Todos sospiran, todos, / por algún ben perdido. / Eu só non digo nada, / eu só nunca suspiro, / que o meu corpo de terra/ i o meu

cansado espírito, / adondequer que eu vaia/ van connigo.

Da recopilación de cinco ensaios sobre o tema, Filosofía da saudade, poida que sexa o máis sobranceiro

X Semana das letras galegas

DOMINGO 17
12.00 na Senra

do 11 ao 17 de maio 2009

Ofrenda floral en honor aos escritores galegos que se víron obrigados a deixar Galicia na Dársena de Senra. Acreditado polo grupo de teatro da Asociación Folclórica Cultural San Xoán de Ourense.

FEIRA INCOART (Polígono de Bergondo):

As 13.00 horas actuación da Coral Maior de Bergondo.

18.00 a 18.50

Itinerario "En esta simple" a cargo de Itinerario Cascañeiros.



Concello de
Bergondo

Todos os traballos presentados no X Certame Literario "Bergondo nun conto" e do IV concurso de marcapáxinas están expostos no edificio cultural A Senra ata o día 22 de maio.

COLABORAN:



C.R.A. de Bergondo



Depósito: 01461/09 DO SAR